

BOLETIN DECENAL

Ideario da Irmandade de Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

COLECION

PRENSA GALLEGUISMO

CARLOS DEL PULGAR EDITOR
EDICION EXCLUSIVA PARA :
NOVA GALICIA EDICIONS
Florida 32 portal 3 baixo
tfno.- 986-202111
36210 .- Vigo
I.S.B.N. 84-877-55-05-4
D.L. C-1623/91

MARGARITA LEDO E *A NOSA TERRA*

A que fora directora do Semanario *A Nosa Terra* na súa terceira época, Margarita Ledo Andión, analisa de feito definido e concreto a incidencia do Boletín Nazonalista nuns momentos onde o galeguismo escomenzaba a ter certa transcendencia a nivel de *élite*. Nós coidamos que a prestixiosa xornalista é a persoaxe máis adecuada para selar -anque non sexa definitivamente- a obra -que completamos con estes derradeiros Tomos- daquel proxecto galeguista-nazonalista que viviu etapas diferentes dentro e fora de Galicia. Non cabe dúbida que o Semanario *A Nosa Terra* cumpriu o labor que lle correspondía na época como antecedente e guieiro dunha nova etapa que hoxendía aínda está vixente: a cabeceira *A Nosa Terra* -nestas- leva xa caseque once anos recollendo novas fórmulas que ao través das liñas primixenias *O pre-existente como modelo, Victor Casas, o último director, A Nosa Terra, 1916-1936, A propósito dos contidos, Crónicas de liña crara, Libro de Estilos, "Deus, fratesque, Gallaecia", Febreiro, 1932, Nais galegas, para que os vosos fillos non morran en terras estranas, O modelo como posibilidade...* resposta sen ningunha dúbida ás pautas indicadas polos seus editores. E, como dicíamos, ninguén millor que unha das persoas que incidiu directamente na reconversión de *A Nosa Terra*, como fora Margarita Ledo, para que nos traslade, detalle e defina o que foi o Boletín daqueles tempos, a súa trascendencia histórica e cultural para as novas xeneracións deste país. Anque, como sinala Margarita Ledo no seu párrafo final, sexa *irrepetibel*.

O Editor

A NOSSA TERRA

IDEARIVM DAS

HUMANIDADES PORTUGUESAS

O PRE-EXISTENTE COMO MODELO

No pasado século, no século do Rexurdimento e da decisión de soerguer o que deu en se chamar *conciencia diferencial*, e que transformado en idearium evoluirá ata o nacionalismo do primeiro tercio do século XX, Galicia apresenta un dos panoramas máis ricaces e paradigmáticos tocante a expresións e modelos de prensa que, co asentamento das fórmulas políticas modernas, vanse difinindo dende a lei de imprenta do 1837 e deica á liberal do 83, a primeira que recoñece a libertade de información sen censura previa. É pois esta lexislación, que devén da constitución do 1876, a que regulará a práctica da edición de medios de comunicación, tanto de empresa como de formacións de índole variada, ata a instauración da norma represiva franquista, no 1938 e agás no período dictatorial primorriverista previo á República.

No pasado Século, co seu referente primixenio en *Diario del Gobierno* de La Coruña (1808) editado por orde da Junta Suprema de Galicia e dirixido por Manuel Pardo de Andrade deica a entrada do exército napoleónico na Coruña, Galicia crea medios de prensa que determinarán de xeito notable o nacemento dunha novísima tarefa que só pode darse colectivamente: o proceso galeguizador. E con el as bases para un novo plantexamento da cuestión galega: a necesidade radical de transformación só se poderá abordar enfrentándose con algo tan extremo coma o bloque hexemónico, ou a súa traducción á política. E a instrumentos de comunicación e de persuasión.

E nese século, dende que por primeira vez nunha cabeceira de prensa aparecese o lema *Todo para Galicia* (*El Porvenir*, 1845), será a prensa da segunda xeneración galeguista, a partir dos anos cincuenta, a que consolide e espalle, como diferencia, este *leit-motiv*. En todas as cabeceiras o lema xugará como marchamo e como identificación frente á competencia, amais de un seu outro papel de certificado de intención e de obrigas. En *El Clamor de Galicia*, dirixido por Benito Vicetto (A Coruña, 1855); en *La Oliva* (1856); *El Miño* (1868); en *La Concordia* (1873) ou en *El Heraldo* (1874), *Todo por Galicia, todo para Galicia* vai ser consigna para quen continuou o esforzo último dos *provincialistas* no 46.

Edítanse nese non tan lonxano período oitocentista as primeiras publicacións uniligües -*O Tío Marcos da Portela*, no 1878; *O Galiciano*, no 87; *A Monteira*, no 89- e dende que saira *El Emancipador Gallego* ou erguéramos a gorxa para dicer *El Idólatra de Galicia* nos anos cuarenta que era como proclamar o dereito á utopía e o desexo de singularidade, de estar a gusto no noso propio corpo colectivo, agroman tipoloxías

diversas no universo da prensa, dos boletíns profesionais ás follas de opinión, dos bisemanarios informativos que nos dispoñen para o discurso periodístico de masas á cabeceiras de grupo social; como o foi *A Monteira*, santo e seña dos propietarios agrarios lugueses que querían, no tempo, aliarse con certa intelixencia.

Na súa liña evolutiva cara o século XX a prensa de Galicia que mantén como un dos obxectivos de honra insistir no proceso galeguizador, aporta certas constantes no tratamento dos seus materiais e un eixo común en canto ao seu estatuto editorial: a defensa integral do territorio de Galicia, noción que leva aparellado un férreo combate ao localismo, e a asunción do ideal transformador, ideal que comporta como protocolo preceptivo para os Medios a adicación informativa ao seu país -para coñecer e dar a coñecer o seu país-, a intención solidaria -de grupo, de idearium- luindo nas diferentes ponlas doctrinarias que se van orixinando, e con urxencia enfrentar os estereotipos, as definicións e os clixés que dende tempo atrais menosprecian e reducen na súa publicística Galicia a unha parodia de criadas, na literatura, e de caciques na relación co poder español.

A aparición de *La Oliva* no bienio progresista, un periódico bisemanal, progalego, disposto para o seu artellamento como un producto comercial, de mercado, no esquema do que hoxe chamaríamos un medio informativo-interpretativo e apuntándonos un posibel camiño para a prensa de masas galeguizada, é boa proba deste tipo de iniciativas coas que os proto-galeguistas deron xusto no blanco e que son síntoma de que ás veces, tamén no concreto temos acertado. Asi *La Oliva, igualitario y librecambista*, esfórzase nunha visión globalizadora da cuestión galega, a pesares de se editar en Vigo, suliñan, "porque sus intereses ya no son los de una mezquina localidad sino que encierran los gérmenes de un gran interés social".

Nos anos setenta e oitenta -seguimos no pasado século-, no movemento galeguizador oitocentita defínense, ou perfílanse, posicións pro-federalistas, dunha banda, e posicións dentro do que se autocalifica como "rexionalismo sano", pola outra, amáis de tendencias integristas que nos emparexarían co carlismo. E tanto do primeiro coma do segundo temos memoria lisa pola súa prensa.

No século XX as implicacións entre prensa e galeguismo localízanse en xornais como *La Zarpa*, que dirixíu en Ourense don Basilio Alvarez, en xornais como *Galicia*, que dirixíu en Vigo Valentín Paz Andrade, en xornais como *El Pueblo Gallego*, propiedade de Portela Valladares e que foi incautado polo fascio no 1936 para utilizar a súa cabeceira como un título máis dos que editou "prensa del movimiento". E un xornalista

redactor de *El Noroeste*, será artífice da convocatoria que deu lugar á primeira *Irmandade da Fala*. Antón Villar Ponte fixa como data e lugar de encontro o 16 de maio nos locais da Academia Galega. Ese día, do 1916, decídese a organización político-cultural do galeguismo que, en diante, será o nacionalismo.

Coa IF unha nova e singular cabeceira na prensa de Galicia, que comenza a se editar como decenal e como publicación de idearium, *A Nosa Terra*. A súa periodicidade será variabel como foron varios os seus directores e innúmeros os prelos de impresión pero esta cabeceira interesará sobre maneira por devir no símbolo e no signo visíbel da primeira xeración nacionalista que, após á proclamación da II República, se organiza en Partido. *A Nosa Terra* chegará a ser o seu voceiro porque fora a publicación, de entre todas as publicacións das diversas familias galeguistas, que mantivera nexos múltiples entre experiencia e consciencia, acción e máis opinión, entre o desexo e máis a vontade decidida de construcción do desexo.

O 17 de xullo de 1936 sae á rua o número 422 de *A Nosa Terra*. Nas súas páxinas hai unha convocatoria para asistir a un mitin o vindeiro día 25 na plaza da Quintana . É o Mitin das Arengas porque tamén é o Dia da Patria Galega.

Mais este longuícuo camiño que fixo que nun tempo poideramos identificar á millor prensa de Galicia como prensa *da casa común do galeguismo* vaisenos ir das mans por muito tempo e os seus creadores, os que exhibiron o milagre posible dunha Galicia liberada e solidaria, foron asasinados ou foron acalados. Dentro, polos campos que eles quixeron liberar, fica o terror. Alén, no exilio americano, como estandarte e querendo outra volta reasumir o dereito de decisión contando cos medios a bordo, perante varias décadas tal e como agora a tocades, sae *A Nosa Terra*.

Atrais, os que fixeran medrar a aposta entre o 1916 e o 1936.

VICTOR CASAS, O ÚLTIMO DIRECTOR

Querido don Manuel: Quero neste intre despedirme de vostede e de t-dolos nosos irmáns (...).

Esta carta está datada no cárcere de Pontevedra, a 2 de novembro de 1936. Diríxella Victor Casas ao arquitecto vigués, Manuel Gómez Román, e despois de asinala, arrodeando o seu nome cun semicirco para deixalo descansar, Victor Casas escrebe como colofón *¡Viva Galicia Libre!* . O 12 de novembro o último director de *A Nosa Terra* foi fusilado en Pontevedra.

Aos dazaseis anos, na rua ou nunha librería, dinos en "Histórica sintética no boletín *A Nosa Terra*" publicado na revista *Nos* no 1935, Victor Casas merca o primeiro número de *A Nosa Terra*, que tiña a redacción no despacho do "falescido poeta e gran patriota" Xosé Iglesias Roura, no Cantón. Aos poucos números suscríbese ao boletín e, a seguido, ingresa na Irmandade da Coruña.

Só con estes datos poderíamos avantar algúns aspectos do que significou, na sociedade galega da época, a edición de *A Nosa Terra* e tamén sobre xeitos e modos organizativos e de venda. A primeira conclusión levaríanos a afirmar o seu papel político-organizativo para un sector da audiencia que coincida ou se interese nas suas propostas de idearium, como foi o caso do xoven Victor Casas que rememora o artigo do seu iniciador e primeiro director, Antón Villar Ponte "A bandeira ergueita", para que nas páxinas do boletín *perpetuarán o pensamento dunha época*. A figura de Victor Casas é un paradigma, un modelo daquela xeneración de galegos que quixeron ata a fin, *unha Galicia enteira* e que, para o conseguir fixeran o esforzo da organización e da fidelidade aos obxectivos por eles definidos no Manifesto da Asamblea Nacionalista de Lugo, no 1918, que asina tamén Casas.

Viaxante de comercio, as súas funcións precisas garantizaron en boa parte a saída do periódico das Irmandades procurando publicidade para as súas páxinas, ocupándose da súa administración, dirixindoo na súa derradeira etapa e, redactando e editando, practicamente en solitude, nos anos da dictadura de Primo de Rivera. O seu senso da necesidade de información concreta como un elemento que aúna e contribue a millorar as cousas, dánolo no devandito texto sobre do devalo diacrónico de *A Nosa Terra*, e por Victor Casas saberemos algúns extremos do comportamento da censura coa publicación, por exemplo a partir das supresións das *bandeiras rexionais* por Primo de Rivera. Reducindo ao enemigo á parodia, nunha das millores técnicas de sempre dos sistemas de propaganda, Victor Casas prepara o seguinte cadro de contrarios:

Con el vino de Jerez
y con el vinito de Rioja
son los colores que tiene
la banderita española

(Las Corsarias)

Ceo branco de luar
Ceo azul do mediodia
Son dous anacos de ceo
A bandeira de Galicia

(Ramón Cabanillas)

Evidentemente, a censura deixou só a primeira das cuadras e *A Nosa Terra* publicou os versos de "Banderita Española" e, a carón, os versos galegos machacados por aquel borrón preto que era a pegada do prohibido. Foi no número 199, o 1 de abril 1924. Premonitoriamente, un xornal arxentino fixo un fascimil.

A centralidade de *A Nosa Terra* como organizador colectivo, como nexo para a acción e non só como instrumento de opinión e de confronto político é un dos aspectos de modernidade dos seus editores , singularmente dos que, en momentos costosos, souberon considerala como imprescindibel. E entre estes últimos, con Casas, topamos a Leandro Carré e a Casal que crean a *Editorial Lar* e con ela unha imprenta propia na que durante cinco anos casi ininterrumpidos produciráse o boletín: *Casal facéndoa, Carré e máis eu escribíndoa, con algún colaborador como Otero Pedrayo que era asiduo e poucos máis, e eu administrándoa sostivemos a súa vida mantendo a través dela un contacto cos demais galeguistas de Galicia que sirveu para que á caída da dictadura fose posibel, reorganizar os cadros galeguistas que máis tarde en Nadal do 31, aglutináronse no Partido Galeguista.*

Os datos de tirada que nos fornece Casas son, para 1935, de mil cen exemplares semanais; entre os suscriptores sobrancean os escolantes -un dato que se repetiu entre os suscriptores do periódico galego e semanal que coa mesma cabeceira comezou a sair en en xaneiro do 78 definido e dirixido por min mesma os seus tres primeiros anos-, entre as povoacións con máis abonados están A Coruña, Lugo, Ourense, Vigo, Santiago, Pontevedra e Ferrol e a cidade non galega onde hai máis suscrición é Barcelona. Fixarnos, só, en que ningunha destas informacións é gratuita, que a partir delas poderíamos pescudar indicios do que foi o movemento galeguista en cadansúa vila ou confirmar as relacións que mantivo co catalanismo dende cedo, dende o período da Mancomunitat.

...Pídolle a vostede e a todos que no intre do trunfo e da liquidación do sucedido (do movimento criminal) non esquezan os culpaveis. Confío en que seguirán traballan-

do pola Terra encamiñándoa xa polos vieiros da sua liberación definitiva. Reorganicen o Partido, e xa craramente, pois non pode ser dúbida para ninguén, cun matiz netamente esquerdista dentro das esencias vivas da personalidade de Galicia.

É outro párrafo da carta última de Victor Casas dende o cárcere de Pontevedra. Como homaxe, mais tamén pola súa lucidez e para corroborar que un fracaso -non se venceu e liquidou o *movimento criminal*- no transcurso histórico non quererá significar a falla de razón ou de corrección nos obxectivos perseguidos. Lémbrao, sempre Fidel, cando fala do asesinato do Che en Bolivia, se se me permite o excurso.

Unha e outra vez falaremos dos editores de *A Nosa Terra*, da súa caracteoloxía como grupo e tificarémolos como intelixencia, como intelectuais desprovistos dun clase social que queira ou non tenda á hexemonía, ao contrario do que pasou, por exemplo, no caso catalán que no mesmo período pon os alicerces dunha política cultural que se dispón a modelizar a sociedade a través dos procesos de masificación comunicativa que o grado de concentración urbana, por unha banda, o desenvolvemento tecnolóxico, pola outra -pensemos que a sociedade catalana de referencia correspónde-se cun país da segunda revolución industrial- e a vontade política autóctona permete.

Intelectuais sen clase social de fondo. Eís a pauliña da xeración das Irmandades, eís o seu grande esforzo por atraer cara o compromiso co país os sectores medios, aos propietarios da industria e dos servicios porque entendían que, de seu, as xentes de pensamento -profesionais, ensinantes, creadores...- eran os membros naturais das Irmandades e que estas xentes de pensamento estaban chamadas, tamén de modo natural, a liderar o mundo campesiño. Basilio Alvarez, o crego bombista, o grande organizador agrario anticaciquil era boa proba. Don Manuel Lugrís, agora nas fileiras da *IF*, primixenio animador de *Solidaridad Gallega*, a agrupación agrarista que inaugura un orgao que se identifica, precisamente, como *A Nosa Terra* (1907), o persoeiro que o 6 de octubre do mesmo 1907, nun mitin na cidade de Betanzos utiliza, por primeira vez, o galego nun acto político, é outra boa proba. Pero si ben as condicións e as formas de organización da prensa en Galicia nos primordios da sociedade de comunicación de masas non favorecen a idea de galeguización e un dos litixios permanentes das *IF* é, precisamente, con cabeceiras como *La Voz de Galicia* ou *Faro de Vigo* por citar as aínda vixentes; si entre as acusacións que podemos topar sen dificultade nas súas páxinas, para coa prensa, sobrancean as servidumes políticas caciquís e, polo mesmo, retardar as medidas modernizadoras que os das Irmandades consideran fulcrais, entre as

que se lle reserva un lugar de honra ao ferrocarril; a xeración das Irmandades sabe dar o paso da literatura ao xornalismo, do espacio do héroe problemático oitocentista ao intelectual de acción, ao intelectual orgánico -acolléndonos aos préstamos de Gramsci-, e á persoaxe pública, de confronto social, que quere intervir na definición e na transformación do entorno e que entende axiña que un elemento como a prensa, en calquera das súas variantes, deberá plantexarse como un factor de mediación verbo do entorno co albo da súa modelización, de xerar a necesidade de Modernización, que para o pensamento da época conleva a idea de progreso e benestar social, de igualitarismo.

O papel cohesionador da prensa, cara á sociedade no seu conxunto ou cara á audiencia tipo que se pretenda, no caso de *A Nosa Terra* e os propietarios dos medios de producción que non dependan da política española como determinantes e a intelixencia como garante, é un dos signos de contemporaneidade do galeguismo da época, signos que poderíamos amplar a outras realizacións coma o SEG, Seminario de Estudos Galegos, ou mesmo a se organizar en Partido na II República.

O punto cero, a decisión de contradicer o pensamento oitocentista e a súa abocación cara un *regionalismo sano y bien entendido*, adoita situarse arredor da revista que dirixe en Madrid, Aurelio Ribalta, *Estudios Gallegos* onde podemos localizar temáticas vencelladas aos problemas concretos e inmediatos que afectan a Galicia. E para enfrentar os problemas concretos e inmediatos fálase de intervir no espacio público. Facer política galega. Definir o que é facer política galega.

Recollendo a proposta e mentres vai publicando na prensa a súa serie *Nacionalismo Gallego, nuestra afirmación regional*, Antón Villar Ponte fai un chamamento a favor do idioma galego que, como dixemos, concluirá nunha xuntanza, o 18 de maio do 1916, na cidade de A Coruña. Nace a primeira Irmandade como unha cuestión de decisión e con todas as manifestacións de prácticas diversas que o paso do tempo virá neutralizar a favor dunha actitude unitaria a prol dunha Galicia liberada de servidumes. Que non pode ser se non unha Galicia soberana e cos seus recursos ordenados para o benestar: inversións en comunicacións, desenrolo industrial, urbanización, cooperación agraria, educación, sedimentación dosmesmos códigos simbólicos -a bandeira, o himno, o Día da Patria...- e como necesidade primeira para informar, persuadir, divulgar as regras do xogo, *A Nosa Terra*.

A NOSA TERRA, 1916-1936

Dende o 14 de novembro de 1916 o galeguismo organizado edita *A Nosa Terra*, que se apresenta e se diferencia do resto das publicacións polo seguinte lema: "Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal". Dende o 15 de abril do 1932 anúnciase como portavoz do Partido Galeguista.

Nen as funcións intercambiabeis que moitos dos seus responsabeis van desenvolvendo, segundo o lugar de edición e máis o prelo e, sobremaneira, debido á represión -censura na época de Primo de Rivera, suspensión cara a fin do Bienio Negro, no 1934-, nen as variacións de periodicidade ou de tamaño e paxinación son variabeis independentes. Todo, en *A Nosa Terra* é un indicador das dificultades que vai atopando e superando o galeguismo, das súas relacións políticas puntuais -por exemplo, terá que deixar de se imprimir en *El Noroeste* a partir das presións do seu propietario para que modificasen ou obviasen nas súas páxinas as críticas á Academia Galega- e tamén da influencia de conflictos sociais como o peche da *Tipografía Obrera* (A Coruña) a causa das loitas sindicalistas do momento (xaneiro, 1920).

O ideador do boletín, e o seu director ata o 21, ata a IV Asamblea das Irmandades na que se asiste á separación do grupo ourensán, liderado por Vicente Risco, será Antón Villar Ponte. A partir de aí e tentando o milagre de definir un consello de redacción e un mínimo organigrama productivo, Victor Casas ponse ao frente da publicación que tamén, ocasionalmente, tivo na dirección a Aquilino Iglesias Alvariño (1933) ou a Suárez Picallo (1934).

O soporte efectivo de *A Nosa Terra* fórono os seus suscritores, a volta dun milleiro, segundo todas as fontes de referencia; o seu marchamo dábanllo os colaboradores; a sua incidencia na audiencia que quería conquistar ou quizaves a sua carta de presentación cedíanlla os anunciantes, que confiaron na sua liña editorial.

Como xa é coñecido, *A Nosa Terra* vaise dirixir a certa pequena burguesía ilustrada, que podemos identificar coas profsións liberais: médicos, abogados, asalariados, como o corpo de ensinantes que farán de intermediarios con audiencias máis amplas polo seu papel divulgador, e tamén a unha pretendida burguesía autóctona. Unha audiencia-tipo que é capaz de entender e máis de incorporar aos seus intereses o programa reformador do primeiro nacionalismo. Unha audiencia-tipo que os propios editores, a IF, inventarían así: Tódolos industriaes, comerciantes e donos de empresas galegos ou relacionados con Galicia teñen que anunciarense en *A Nosa Terra*. O anuncio será un

éxito e costa pouco. Porque o noso boletín circula moito... En Galicia leno e coleccionano as persoas de máis significación: médicos, farmaceuticos, notarios, rexistradores, cregos, comerciantes, sociedades de recreo e cultura, etc.

Representa, pois, *A Nosa Terra* o escaparate máis acaído para o programa de intervención que quere dar a coñecer a élite, *Intelligentzia* nacional, e tamén o ámeto de debate necesario amais de ser o eixo organizador a través de seccións ao tempo internas e propagandísticas como *Novas da Causa*. A intención que transmite é a dun bloque social que define conformado polo campesiñado, a súa referencia de clase dominante, e tamén debido a razóns culturais e ideolóxicas, por intelectuais e profesionais. Como sector a atraer, a persuadir cara a idea de modernidade -que as IF entenden como progreso, no senso positivista do termo- está o propietario do sector industrial e o dos servicios, sector que ficou, tempo atrás, á marxe do bloque dominante estatal e, polo mesmo, non ten influencias políticas nas instancias gubernamentais. A súa mesma perpetuidade, pensan os galeguistas, dependerá dunha variación nas súas alianzas. E os das Irmandades -representados políticamente polas posicións posibilistas e reformistas de Luis Porteiro Garea- bríndanlles un programa e uns posibeis socios históricos que, coma eles, están interesados en contestar á rede gubernamental, rede que se espalla a través do caciquismo local/electoral e se traslada por medio da información e da opinión que, maioritariamente, vehícula a prensa.

Quizaves por esta razón, por considerar á prensa como un dos elementos máis antigalegos que hai en Galicia, tal e como chegan a escreber nas súas páxinas, e por ser conscentes da súa influencia na configuración de opinión e na modelización de necesidades , os editores de *A Nosa Terra* sitúan no seu punto de mira máis crítico aos periódicos e adícanlle aos seus responsabeis ou propietarios a máis dura adxetivación que teñamos lido. Chegarán , mesmo, a felicitar a Villar Ponte, de profesión xornalista, cando deixe de traballar para *El Noroeste*, unha cabeceira coa que mantiveron relación de amistade-enemistade ao longo dos vinte anos que tratamos.

O texto co que informa e co que valora Victoriano Taibo o *Primeiro Congreso Periodístico Galego*, en Compostela, remacha a ausencia dos verdadeiros xornalistas galegos que *son os redactores dos semanarios, quincenarios e mensuarios agraristas e galeguistas*. Taibo párase en calificar o traballo destes profesionais como xusticieiro e patriótico e denuncia a represión, *os rigores da lei* han caer sobre eles.

Tal seguimento da prensa fará que o Movemento Galeguista tente a fundación dun diario informativo, un diario que resposte á tipoloxía da prensa de masas dende posi-

A NOSA TERRA, 1916-1936

Dende o 14 de novembro de 1916 o galeguismo organizado edita *A Nosa Terra*, que se apresenta e se diferencia do resto das publicacións polo seguinte lema: "Idearium da Hirmandade da Fala en Galicia e nas colonias gallegas d'América e Portugal". Dende o 15 de abril do 1932 anúnciase como portavoz do Partido Galeguista.

Nen as funcións intercambiabeis que moitos dos seus responsabeis van desenvolvendo, segundo o lugar de edición e máis o prelo e, sobremaneira, debido á represión -censura na época de Primo de Rivera, suspensión cara a fin do Bienio Negro, no 1934-, nen as variacións de periodicidade ou de tamaño e paxinación son variabeis independentes. Todo, en *A Nosa Terra* é un indicador das dificultades que vai atopando e superando o galeguismo, das súas relacións políticas puntuais -por exemplo, terá que deixar de se imprimir en *El Noroeste* a partir das presións do seu propietario para que modificasen ou obviasen nas súas páxinas as críticas á Academia Galega- e tamén da influencia de conflictos sociais como o peche da *Tipografía Obrera* (A Coruña) a causa das loitas sindicalistas do momento (xaneiro, 1920).

O ideador do boletín, e o seu director ata o 21, ata a IV Asamblea das Irmandades na que se asiste á separación do grupo ourensán, liderado por Vicente Risco, será Antón Villar Ponte. A partir de aí e tentando o milagre de definir un consello de redacción e un mínimo organigrama productivo, Victor Casas ponse ao frente da publicación que tamén, ocasionalmente, tivo na dirección a Aquilino Iglesias Alvariño (1933) ou a Suárez Picallo (1934).

O soporte efectivo de *A Nosa Terra* fórono os seus suscritores, a volta dun milleiro, segundo todas as fontes de referencia; o seu marchamo dábanllo os colaboradores; a sua incidencia na audiencia que quería conquistar ou quizaves a sua carta de presentación cedíanlla os anunciantes, que confiaron na sua liña editorial.

Como xa é coñecido, *A Nosa Terra* vaise dirixir a certa pequena burguesía ilustrada, que podemos identificar coas profsións liberais: médicos, abogados, asalariados, como o corpo de ensinantes que farán de intermediarios con audiencias máis amplas polo seu papel divulgador, e tamén a unha pretendida burguesía autóctona. Unha audiencia-tipo que é capaz de entender e máis de incorporar aos seus intereses o programa reformador do primeiro nacionalismo. Unha audiencia-tipo que os propios editores, a IF, inventarían así: Tódolos industriaes, comerciantes e donos de empresas galegos ou relacionados con Galicia teñen que anunciarense en *A Nosa Terra*. O anuncio será un

éxito e costa pouco. Porque o noso boletín circula moito... En Galicia leno e coleccionano as persoas de máis significación: médicos, farmaceuticos, notarios, rexistradores, cregos, comerciantes, sociedades de recreo e cultura, etc.

Representa, pois, *A Nosa Terra* o escaparate máis acaído para o programa de intervención que quere dar a coñecer a élite, *Intelligentzia* nacional, e tamén o ámeto de debate necesario amais de ser o eixo organizador a través de seccións ao tempo internas e propagandísticas como *Novas da Causa*. A intención que transmite é a dun bloque social que define conformado polo campesiñado, a súa referencia de clase dominante, e tamén debido a razóns culturais e ideolóxicas, por intelectuais e profesionais. Como sector a atraer, a persuadir cara a idea de modernidade -que as IF entenden como progreso, no senso positivista do termo- está o propietario do sector industrial e o dos servicios, sector que ficou, tempo atrás, á marxe do bloque dominante estatal e, polo mesmo, non ten influencias políticas nas instancias gubernamentais. A súa mesma perpetuidade, pensan os galeguistas, dependerá dunha variación nas súas alianzas. E os das Irmandades -representados políticamente polas posicións posibilistas e reformistas de Luis Porteiro Garea- bríndanlles un programa e uns posibeis socios históricos que, coma eles, están interesados en contestar á rede gubernamental, rede que se espalla a través do caciquismo local/electoral e se traslada por medio da información e da opinión que, maioritariamente, vehícula a prensa.

Quizaves por esta razón, por considerar á prensa como un dos elementos máis antigalegos que hai en Galicia, tal e como chegan a escreber nas súas páxinas, e por ser conscentes da súa influencia na configuración de opinión e na modelización de necesidades , os editores de *A Nosa Terra* sitúan no seu punto de mira máis crítico aos periódicos e adícanlle aos seus responsabeis ou propietarios a máis dura adxetivación que teñamos lido. Chegarán , mesmo, a felicitar a Villar Ponte, de profesión xornalista, cando deixe de traballar para *El Noroeste*, unha cabeceira coa que mantiveron relación de amistade-enemistade ao longo dos vinte anos que tratamos.

O texto co que informa e co que valora Victoriano Taibo o *Primeiro Congreso Periodístico Galego*, en Compostela, remacha a ausencia dos verdadeiros xornalistas galegos que *son os redactores dos semanarios, quincenarios e mensuarios agraristas e galeguistas*. Taibo párase en calificar o traballo destes profesionais como xusticieiro e patriótico e denuncia a represión, *os rigores da lei* han caer sobre eles.

Tal seguimento da prensa fará que o Movemento Galeguista tente a fundación dun diario informativo, un diario que resposte á tipoloxía da prensa de masas dende posi-

cións pro-galeguistas, tal e como fixo no seu curto período de existencia o xornal *Galicia*. Na República, no momento en que a prensa xoga máis a fondo o seu papel político-ideolóxico, activando todos os mecanismos do discurso periodístico de masas, no momento en que compre pasar definitivamente ao espacio público, a opinión a favor dunha empresa que ouse editar un diario en galego, coméntase nun artigo de Nadal do 1930, *contando coa millor información, coas millores prumas da Terra e os millores colaboradores de fora traducidos (o xornal) triun faría e ao pouco tempo faría avanzare dun xeito enorme a obra do galeguismo*. Os suliñados son nosos e neles resaltamos tanto a nova concepción empresarial -non voluntarista- dun medio, dun diario, síntoma de modernidade como a xusta valoración da súa influencia na sociedade.

Se ben é certo que esta idea, na que se reincide exporádicamente, a nivel práctico non callou -e todo fai pensar que de feito non se podería ter materializado por razóns económicas e disponibilidades persoais-, non deixa de ser significativo que dende o ano 34, cando o Partido Galeguista decide emprender un traballo de masas, Bóveda elaborou un proxecto para -segundo Xavier Castro- a adquisición de *El Pueblo Gallego*, proxecto aprobado polo Consello Nazonal en setembro dese mesmo ano e que se artellaría nunha sociedade por accións, na que entrarían, asimesmo, nacionalistas vascos e cataláns amais de republicanosautonomistas.

Aínda que esta intención publicítase nos anos da República, a súa manifestación como carencia é temperán. Abonadaría con ver as razóns que dan os galeguistas para se presentar aos comicios municipais do 1920. Dentre as súas razóns sobrancea o obxectivo de acadar unha tribuna pública porque, *polo de hoxe, ben sabedes que non contamos con ningún xornal órgao do nazonalismo. Todos negan espazo para as nosas cousas nas súas páxinas. Se nós quixeramos falar dos problemas municipais, axeitándoos a nosa ideoloxía, tódolos xornais facerían-nos o baleiro.*

Entre os seus adversario *El Orzán*, Órgao do Marqués de Espliego e "del regionalismo bien entendido" (...), *La Voz de Galicia*, "que botanos a culpa de maneira encuberta, aos galeguistas, das revoltas tráxicas de Narón e o Ferrol e defende aos responsabeis daqueles derramamentos de sangue", o *Ideal*, "que pesie ao seu mote de católico falta ao octavo Mandamento da Ley de Deus... Atrévese a dicer que somente asistiran (a un mitin da Coruña) duas mulleres, catro rapaces e uns poucos obreiros (...)". Entre os seus amigos *La Voz de la Verdad*, de Lugo, *Progreso* de Pontevedra, ou *La Región*, de Ourense.

Caciquil, trivial verbo dos temas galegos , sectaria co galeguismo cando non

selectivamente manipuladora, a consideración do entorno mediático adoita facela, o galeguismo, dende posicións belixerantes. Non podemos esquecer que se asiste aofin do liberalismo e con el ao fin da concepción dos medios de información como espello da realidade. Non podemos esquecer, asimesmo, o papel que desempeñan os medios en fases críticas, como soporte directo de intereses políticos inmediatos, tácticos, das clases sociais que queren manter a hexemonía. E non podemos, tampouco, esquecer as desiguais armas de combate que, no campo da comunicación de masas, tiña que enfrentar ao galeguismo. Por iso, e para manter alertada á súa audiencia, aos bons e xenerosos que quere atraer e comprometer, non pode abandoar o seu ataque á prensa, tanto no eido da opininión como na denuncia da manipulación informativa -dacordo sempre coa valoración das cousas que deveñen do seu Idearium-, non pode competir coa prensa en canto a cantidade e servicio continuo de noticias ou de consignas editoriais, pero o seu acerto consistirá en elaborar un modelo de publicación que responda a un outro protocolo, que non se poida comparar, que ofereza outra selección, outro tratamento, outra versión das cousas e, sobre todo, que traslade para o receptor posibel a decisión da crencia nunha Galicia próspera.

O primeiro elemento diferenciador diste modelo é o idioma, que desde o espacio editorial de presentaciòn califícase como *inalienabel*, como símbolo do nacionalismo. Facer acordar á cidadanía galega que latexa no bloque social que se quere consensuar e afirmarse, *naturalizarse* , entre a súa audiencia-tipopara dinamizar a idea da transformación, só posibel a través do galeguismo político, será a liña evolutiva que modula os seus obxectivos.

As rúbricas e seccións de *A Nosa Terra* irán en primeiro termo, cara a temáticas políticas máis ideolóxicas ou de pensamento, tamén para cultura e máis educación. Nun segundo apartado sitúanse os aspectos económicos e sociais centrándoos, fundamentalmente, na existencia de medidas políticas a prol da infraestructura de obras públicas -a creación dunha rede de transportes e comunicacións- e dunha política tributaria e comercial beneficiosa para Galicia. Por exemplo, a oposición aos aranceis cerealísticos ou ao imposto dos consumos, que desencadearon grandes mobilizacións e *derramamentos de sangue*. Porque o movemento agrario e as reivindicacións campesiñas son outras das constantes temáticas, que dominan no eido social, e as devanditas reivindicacións, nese intre, pasan polos foros, os impostos, as rendas para os caseiros e pequenos propietarios do agro galego.

O carimbo na loita política de *A Nosa Terra* é o anticorrupción e máis a defensa

da representación popular e a publicación das *IF* define ao binomio turnantes-monarquía como *caciquismo parlamentar*. Neste binomio, dende Galicia, o *caciquismo parlamentar* nútrese do clan Besada, Bugallal, Gasset, Riestra ou Viturro, por poñelos dentro da orde alfabética.

Pero a anticorrupción e a loita pola ciudadanía chámase, no tempo, anti-localismo, cabalo de batalla imprescindibel para quen entende Galicia coma sociedade nacional. Entrecollemos pola sua significación un texto do 1920 no que *A Nosa Terra* escrebe sobre *o lamentable espectáculo Celta-Deportivo* argumentando que dada a súa repetición xa é un síntoma e que polo mesmo compre saírlle ao paso e declarando que *A Nosa Terra* non lle doen prendas porque non é unha empresa e porque non é coruñesa nen viguesa:

Deberán os xornais galegos actuar seria e duramente no asunto, mais velaiqui, o mal é que precisamente unha grande parte da culpa do sucedido correspóndelle aos periódicos. Correspóndelle a iles por permitir que nas súas páxinas se pubriquen traballos instigadores da hostilidade. Dáselle unha desmesurada importancia aos deportes e dise que os equipos de fútbol representan integramente aos pobos onde teñen asento. E non é así. Nin o Celta representa a Vigo nin o Deportivo a Coruña.

Dixemos atreu que *A Nosa Terra* decídese por unha información selectiva, unha información que acompañe e reforce as súas propostas, tanto ideolóxicas como organizativo-políticas. Tocante ao segmento plurívoco da información que lle interesa, desenvolverá un meritorio esforzo tanto na acumulación de datos como no seu tratamento redaccional ou de técnicas de estilo interpretativo. Endexamais faltarán nas súas páxinas os mítines agrario-galeguistas, por exemplo, ou o resultado das manifestacións labregas, con mortos e feridos.

A PROPÓSITO DOS CONTIDOS

A aludida selección temática dacordo co programa reformador-transformador das Irmandades é unha das chaves, un dos *leit-motiv*, unha das constantes que definen a liña de contidos de *A Nosa Terra*. A partir dista selección de raíz programática fárase a opinión nuns casos, ou o artigo especializado, noutros. Faráse a escolla para o *Cadro Branco* -onde irán parar os feitos millores- e para o *Cadro Negro* -onde se denuncia o agravio máis sentido.

¿É, pois, *A Nosa Terra*, unha publicación política, só política? ¿Non informa, nunha época na que a información enténdese como servicio civil, como dinamizadora do dereito público, como un ben social? ¿É un órgao pechado de opinión nacionalista, sen espacio para o debate coas posicións alleas? ¿É o soporte que visa sustituir as carencias organizativas das IF funcionando prioritariamente como *organizador colectivo*?

É ou trata de ser todas as cousas, como veremos a seguir.

A intención de modernidade da publicación dos galeguistas nós localizámola precisamente, na súa interdisciplinariedade (unha noción completamente novedosa e activa na época que tamén informou ao espíritu do SEG e que se manifesta noutros ametos da cultura ata chegarnos a poder falar de *solidariedade creativa*); na súa materialización plorívoca; na comprensión de que feitos, política, interpretación e opinión, non son cousas diferentes e isoladas se non que forman parte do mesmo proceso de definición nacional, obxectivo nuclear que guiou á xeración das Irmandades.

Por iso, ainda que a nivel de linguaxe ás veces falemos de Información, esta deberá entenderse como a presentación que *A Nosa Terra* fai da sociedade galega da época a través da selección temática e do tratamento das fórmulas ou das técnicas comunicativas que os seus redactores-colaboradores exercitan (é caseque imposibel arredar ou discriminar ambalas funcións, o de redactor e a de colaborador) para vehícular e trasladar deica "o universo de recepción", audiencia, actitude que adoptaron con feitos que deveñen do eido social, político-gubernamental ou cultural segundo as clasificacións en uso.

Evidentemente ao falar de fórmulas e técnicas referímonos á sistematización dos materiais e rúbricas estandares breves, entrevistas, comentarios, crónicas -como botar man das diversas modalidades do rexistro lingüístico da descripción á imprecación, da expresión racional e linear ao chouto afectivo, da presentación dun feito á súa valoración- ou adoptar múltiples puntos de vista, puntos de vista que nos levan do observador participante ao omnisciente ou ao marxinal, dependendo dos *afers* tratados.

Por outra banda, o devandito xustifícase ou amplíase na intención decote persuasiva cara determinadas clases e sectores ou grupos sociais, tal e como comentamos noutros apartados, intención persuasiva que fará evoluir *A Nosa Terra* para periódico orgánico do *Partido Galeguista*, xa na II República.

A partir destas consideracións previas pasamos a referir algúns aspectos que nos pareceron clarexadores verbo dos contidos.

A Nosa Terra sae á rua, no ano 1916, un memorandum de urxencias para Galicia.

A primeira urxencia, a reivindación primeira, o síntoma máis importante para denunciar unha situación de atraso, é o *ferrocarril*. Siguen no aludido memorandum, "europeizar a política trigueira", que quererá dicer facela librecambista e non proteccionista, que se instalen centros de formación necesarios para o desenvolvemento do país (Facultades de Ciencias, Filosofía... Escolas Agrarias...), que se atalle a onda represiva que arromete contra das reivindicacións e mobilizacións agrarias dende os recentes sucesos de Nebra, puntualizan.

Constanta, pois, *A Nosa Terra*, a ausencia en Galicia dunha infraestructura actualizada (comunicacións, portos) á volta dos anos vinte deste século, cando xa o capitalismo está a piques de esgotar a súa fase liberal como colofón á segunda revolución industrial e cando na historia fai a súa aparición un novo sistema económico-político que leva a impronta da revolución de Octubre. Constata, asimesmo, a necesidade específica dun recambio de política comercial e tributaria dende o goberno central que recoñeza a situación galega (aranceis, importacións, impostos) e que poida recoller os intereses da pequena burguesía autóctona para permitirse, por primeira vez, o luxo dun desenvolvemento autocentrado, a partir dos recursos, da organización do espacio, da creación dun bloque social de consenso político e por suposto, da sua traducción no programa reformador e opoñente das IF. Constata, *A Nosa Terra*, a conflictividade agraria dende posicións anti-caciquís; intervén e da noticias dos procesos electorais tamén cun criterio de representatividade democrática e de transparencia de actuacións; sigue con fidelidade calquera indicio que nos faga saber mensaxes dende o movemento cultural e de recuperación idiomático no que os galeguistas están imersos. A maior abondamento, a actividade militante interna e pública das IF vaise espallando rutinariamente por seccións como *Novas da Causa*, en informacións a propósito dos mitins, en feitos luctuosos que adquiren para eles o valor de símbolo -o enterro do Patriarca, don Manuel Murguía- ou en espacios de opinión diverxentes que respostan á época de enfrentamento entre as duas familias nacionalistas e que conclue con súa separación na IV Asamblea: Por unha banda, o grupo ourensán, liderado por Risco; pola outra o grupo coruñés, o das primixenias IF.

CRÓNICAS DE LIÑA CRARA

Saen da Coruña, ben ataviados, puntuais, pulcros, repartindo folliñas de propaganda no andén da estación ferroviaria. Son membros do Comité de Acción da IF coruñesa.

Diríxense á cidade de Lugo para a celebración do Primeiro Mitin na historia da organización, mitin que se celebrará, ás tres e media da tarde, nos locais do Lugo-Salón.

O Comité de Acción coruñés é recibido polos irmáns de Villalba, polos de Monforte, e polos anfitrións na estación do tren. Xuntos andarán para a praza central, á praza de Santo Domingo, onde lle rinden un homaxe ao músico Montes. Despois do almorzo, o mitin. E avalando aos persoeiros que van intervir está na mesa o director do diario *La Idea Moderna*, señor Vega Blanco. Fala en primeiro lugar Correa Calderón, fala Villar Ponte, fala Luis Peña Novo, fala Lugrís... Deles dínos o cronista de *A Nosa Terra:*

Villar Ponte dixo que os amigos da fala non representan á Coruña, Lugo (...) se non a toda a patria galega (...), dixo que por primeira vez se facía política galega en Galicia (...) un dos tribunos da gloriosa Solaridade Galega (fala de Lugris) , *o republicano (...) tronou, ruxindo, contra os galegos que se fixeron ricos en América e que non teñen de galegos mais que a fe de bautismo (...) Falou da Asamblea das Nacionalidades de Berna, para amosar, en senso democrático, que somentes polo rexionalismo-nazonalista poderá chegar a arelada paz mundial (...)*

Para concluir este primeiro mitin, outravolta na estación do tren, os que se agrupan nas Irmandades "cheos de entusiasmo, trementes de fe" cantan, xuntos, o Hino.

A análise, ou millor, a lectura despaciada de textos coma estes, en *A Nosa Terra*, amplan o coñecemento da sociedade galega da época e das súas tendencias de pensamento, da súa opción de futuro, da unidade posíbel entre desexo e máis vontade para realizar o desexo, nesas unidades informativas en zi-zá que agora nos falan das vilas onde existe organización das Irmandades (Vilalba, Monforte...) e un pouco máis adiante refiren aqueles notabeis que de maneira directa amosan o seu apoio á idea dos nacionalistas. Así, e a partir dun feito puntual, no caso que tratamos como exemplo este feito puntual é "o primeiro mitin", saberemos do comportamento de prensa que, como toda institución social, representa intereses de sectores ou clases muitas veces en conflicto no concreto histórico.

Segundo a crónica que nos describe "o primeiro mitin", cabeceiras como *La Idea Moderna* a prol dos galeguistas ou *A Razón*, son publicacións amigas, mentres *El Progreso*, sempre segundo o texto do periódico das IF, fai a tentativa de reducilos á parodia (unha das mecánicas propagandísticas máis antergas para combatir ao enemigo), e o seu reporter, sen asinatura, faise albo dunha réplica por parte do xornalista irmandiño para lle decir que:

"los de la fala" -¡ que pouco senso da eufonía, que cativo gusto¡- son a sesta parte de poboación galega, toda a Galicia traballadora e viva para o caso... "los de la fala" somos tódolos traballadores galego, somos nós os hirmans das primeiras cidades da terra na xuntanza distes "cativos" que se chaman Sanz, André, Fernandez Florez, Cabanillas, Porteiro, Cabeza de León,Xil Casares (...)

Párrafo precioso, cáseque no comén da historia das IF, definíndose no anceio de representar *toda a Galicia traballadora e viva para o caso* e de acoller a memoria civil próxima, a dos persoeiros que representan a *intelligentzia* e máis a decisión de intervir no espacio público, na organización da *polis*, nas formas de vida como expresión colectiva, na *política*.

Nesta mostra, coa que queremos ilustrar o perfil sobranceiro da publicación máis acabada do galeguismo do século XX, perfil por entre o que nos movemos observando os modos en como traslada cara ao receptor os temas escolleitos, non pode obviarse un acontecemento central e constante nas páxinas do boletín das Irmandades: o movemento agrario. E con el a preocupación das IF por influílo, por asentarse no seu seo, por dirixilo.

No intre no que *A Nosa Terra* comenza a se publicar o campesinado de Galicia, xa cunha certa tradición organizativa -lembremonos de *Solidaridad Gallega* que se materializa a partires da Lei de Sindicatos do 1906, ou de *Unión Campesiña*, de impronta libertaria, ou, a partires de 1910, da creación de *Acción Gallega* na que interveñen Portela Valladares, Enrique Peinador e Basilio Alvarez-, soporta un dos momentos represivos maiores como conclusión da opacidade do Goberno español non só aos intereses económicos xerais do sector agrario se non ás necesidades máis urxentes que aínda se manifestan en problemas vellos como a redención de foros.

A igrexa e mais os rendistas, con intereses enfrentados aos do agrarismo popular, apuran, tamén, as súas organizacións ofesivo-defensivas e atraen para si algúns nomes, significados outrora no espectro galeguista do XIX na súa versión máis moderna, como é o caso de don Manuel Pardo Becerra, que figura como redactor de *A Monteira* á volta do 1889. Estas organizacións de caste, contrarias ás reivindicacións campesiñas, acadan o seu cimo sob e co apoio da Dictadura de Primo de Rivera e quedaran identificadas para sempre como sidicatos católico-rendistas.

Neste entorno, e sen oferecer a descripción dos sucesos máis espectaculares,

poisque son coñecidos polos medios de comunicación habituais, *A Nosa Terra* esfórzase na valoración e moitas veces no xuizo moral (compre xogar arreo coa noción de "élite" cando tratemos de ver estes textos), entrecollendo estes elementos de dramatización que, exemplarmente construidos, farán pasar os seus posicionamentos igualitaristas. Trátase de activar unha das leis informativas máis eficaces: a lei de proximidade xeográfica en conxunción coa sico-afectiva. E acobillada nese simbólico matricial que tanto quixeron os das IF: A nai-Galicia. Ou "María González Fernández, de coarenta e seis anos, ferida de bala... ".

Feira do trece. En Sedes. Paso a paso sen acougo, a represión convirte o movimento campesiño nos "sucesos agrarios". A consigna era *non paguemos* .O imposto é o dos consumos. *A Nosa Terra* avala a rebelión publicando unha lista de cuotas para referir as subas, entre o 1915 e o 1918, e o que teñen de pagar os propietarios do comercio, da industria e máis os agrarios. De por media, a cuota do agro e dez veces meirande.

Libertade detidos, supresión embargos, distitución de xueces e de mandos da Guardia Civil, apertura de información sumarial para esixir responsabilidades, resolución do problema dos Foros, supresión das Diputacións... Así se resume a posición nacionalista, expresada no mitin da Coruña na primaveira do 1922, cando Luis Peña Novo, concellal do Axuntamento, consegue a protesta do Consistorio.

Os *sucesos agrarios* alónganse por sobre todo iste período e con eles a necesidade de organización labrega que nos conduz ata o Congreso deTui, no 1922. O cronista fala de "centos de representantes de máis de 50.000 labregos asociados", fala do movemento agrario como *novo poder*, e alédase da petición de autonomía entre as conclusións do Congreso froito do vencello que se proclama entre problemas concretos, solucións técnicas e máis proceso político.

Ao agro devén o albo inmediato do galeguismo e Portela Valladares será o interlocutor que se quere para Madrid. A redor do agro, como obxectivo, o galeguismo desenvolve a sua primeira gran campaña social con actos propagandísticos en numerosas vilas. Como Paiosaco:

...moito denantes da hora sinalada para o comezo do acto xa se tiña xuntado unha numerosa e entusiasta concurrencia, que subia das duas mil persoas, e entre as que había "moitas mulleres"... (O suliñado é noso). *Entre os presentes o párroco de Torás, o de Lalín, o coadxuctor de Lestón, de Pastoriza de Soandres, o veterinario de Laracha...*

Mitin en Laracha, mitin na Golada, mitin en Coristanco, mitin en Santa Comba, mitin en Sofán... Peña Novo entrégalle ao vicepresidente do sindicato dos agrarios unha coroa. As fibelas brancas e azuis, levan esta inscripción: "A Irmandade da Fala da Coruña aos asesiñados de Sofán". Mitin en Oleiros, mitin en Mera, mitin en Cecebre, mitin en Malpica, mitin en Carballo... Ramón Cabanillas escrebe após dos asesiñatos de Sobredo:

A fouce nunha man
A oliva noutra
Berremos alto e forte
A nosa Terra é Nosa

No sul, manifestacións a prol da campaña de Portela para diputado. Portela saiu elexido pero en Madrid elle anulada a acta. Os agrarios de Tui remesan telegramas ao Presidente do Consello de Ministros, ao Presidente do Tribunal Supremo, a Basilio Alvarez, tamén ao propio Portela Valladares. O texto dos agrarios afirma que están dispostos a repetir a votación en Madrid. Estamos no ano 23. A publicación das Irmandades fíxonos o relatorio dos sucesos agrarios, relatorio que nos advertirá das accións de partidas de pistoleiros que tentaron furar a campaña electoral de Portela Valladares e, seguido, de "o terrorismo dos caciques de Tui":

... Os agrarios son encarceados, as súas mulleres maltratadas, os seus viñedos talados. E todo isto ocurre con consentimento das autoridades que están alí ao servicio do señor Ordóñez (...) Un terrorismo máis cobarde e máis repugnante que o de Barcelona, un trato de colonia africana (...), os caciques representantes en Galicia do Estado Hespañol, non consinten que os nosos labregos teñan ideas...

Voceiro do programa *das Irmandades*, cabeceira xenuina de opinión na que ao representante dos intereses enemigos chámaselle e acúsaselle polo seu nome propio, señor Ordóñez, cando toca denunciar actos criminais; retórica de contrarios na súa linguaxe de valoración dos feitos, estamos en presencia das millores e máis decididas páxinas do xornalismo galego do seu tempo e tamén, polo seu acerto na decisión de independencia verbo dos modelos denanteriores, polo seu esforzo para traballar "cos medios a bordo", tal e como nos ensinaron os Constructivistas da URSS, por dar fe da

posibilidade de pensar dende a complexidade das cousas, tronzando o discurso histórico lineal; por quererse hexemónica para levar adiante o seu proxecto, a xeración das IF legounos a memoria selecta do seu tempo en territorio impreso. Que é tanto como dicer imperecedeiro.

LIBRO DE ESTILOS

Nos vinte anos da segunda etapa de *A Nosa Terra*, entre o 1916 e xullo do 36, a intra-historia desta cabeceira condúcenos á división primeira no bloque galeguista, división que culminará na IV Asamblea, que os estudosos personifican en Vicente Risco, lider do grupo ourensán e no que en diante se denominará *Irmandade Nacionalista Galega* en relación ao grupo coruñés que manterá o nome orixinario de *Irmandades da Fala*. Culturalistas, para os ourensáns, ou posibilistas para os coruñeses, son adxectivacións que connotan a radicalidade nacional e ideolóxica dos primeiros, a vontade de intervención política dos segundos.

Ata o 1922 ámbalas duas tendencias mantivéronse unidas e durante a dictadura de Primo de Rivera, Victor Casas e o Grupo Coruñés serán responsabeis da continuidade do Boletín. No fin da década dos 20 as posicións achéganse de novo para encarar a transición do goberno Berenguer cara a II República e dende febreriro do 1932, *A Nosa Terra* transfórmase no periódico orgánico do PG.

Agás en cuestións hipertactistas ou en matizacións á volta dos colaboradores máis considerados por un ou outro grupo (ourensáns ou coruñeses) non hai diferencias de fondo na liña editorial de *A Nosa Terra* denantes ou após á separación e a súa caracterización xeral mantense ao longo da década dos vinte, mantense máis aló das posicións illacionistas, abstencionistas, verbo da participación nas institucións, e polo tanto de non facer campañas electorais, actitude que defende Risco frente a Peña Novo.

Porque escollimos a temática dos sucesos agrarios como sucesos exemplares, poderíamos ampliar agora esa unidade de fondo fixándonos na resposta de cada agrupación diante das súas esixencias labregas. Nos dous casos as declaracións son antirrepresivas, chaman á rebelión, identifícanse coas reivindicacións agrarias, manifestan a boa disposición para liderar o movemento campesiño. E si o grupo coruñés avala de facto a Portela na súa campaña, mobilizando "haigas" cos seus persoeiros dende a zona nordoccidental deica Tui, os abstencionistas de confesión convertiránse á política institucional, nada menos que no primeiro ano da dictadura, por un obxectivo e curto empeño anticaciquil que lles fai ver na autoridade unha posibilidade de salvación.

Tamén por este convivio litixioso *A Nosa Terra* é singular permitíndonos peneirar moi fino para descifrar certos paradigmas ideolóxicos que foron definindo o proceso de sedimentación do que nos trinta será o Partido Galeguista, as súas correntes, progresista ou tradicional e o seu importante núcleo conservador. Un dos paradigmas, na primeira fase, na fase de convivio, será a lusión sistemática á idea de élite, de minoría directriz que está sempre no pensamento de don Vicente Risco, idea de selección natural. Porque, tal é como lemos nun *entrefilet* que se lle adica a Alphonse Daudet na "Morte do delfín":

Fará máis polo trunfo do galeguismo unha novela notabre escrita en galego... que varias estradas (...) tódolos progresos materiais non farán nada pola personalidade galega, o importante é que Galicia conquira seu espíritu propio...

Texto, na "Morte do delfín", que mete o ideoloxema central verquido na editorial do número 60, quizaves o primeiro en anticipar o territorio da contradicción, da feliz e necesaria confilictividade política no movemento nacionalista no primeiro tercio do século XX, que aínda tardará algúns anos en se concretar:

Hai rexonalistas que só sinten o conquerimento da cidadania ou de milloras prácticas, advírtese, contradecindo a idea da Galicia moderna, segregando do compromiso posibel ao elemento autóctono burgués, e continúa o editorialista *mais non* (sinten) *unha Galicia gobernada de seu, unha Galicia con cultura propia (...) capaz de independizarse da hexemonia castelán.*

Producida a separación, nos primeiros momentos desta sorte de guerra de posicións, os que quedan coa cabeceira *A Nosa Terra* exteriorizan a liña divisoria fincando na descalificación dos de *élite*, "illados da realidade", insisten , e máis os de "acción", os gradualistas, os que queren e tentan "abrir as portas" para que poidan entrar nas irmandades todos os que estén dispostos a se galeguizar. Son os da "liña de masas" en frente da "secta". Son os que se reclaman herdeiros de Porteiro Garea, son os que ousan desautorizar aos "novos nacionalistas", (os ourensáns), porque non veñen de *Liga Galega* ou da primixenia *Imandade*, os que aproveitan todas as ocasións parafalaren de si mesmos, dos seus traballos, das súas colaboracións nas revistas estranxeiras. A dureza verbal, aínda que acotada no tempo, sitúa o estilo dese período moi perto das mecánicas propagandísticas e do recurso á simplificación das ideas disidentes, estilo que merecería, de seu, un estudo monográfico.

Verbo das seccións, da distribución temática interna e tamén da xeográfica, nestes anos primeiros de andadura, e denantes chegarmos ao revisado pola censura militar, pódese establecer unha certa xerarquía ou adicación preferente ao que podería identificarse como Política e Pensamento, seguido da rúbrica Cultura. Asi mesmo, e facendo abstracción desta rotulación precisa, polos seus contidos pódense discriminar apartados de Economía e Sociedade e máis de Movemento social; seccións de Creación; traduccións, presencia de autores foráneos..., seccións orgánicas que se identifican como tal, e discontinuamente, sección de Internacional. En Internacional, un eixo nacional-atlántico dominante, segundo un criterio de unidade cultural-lingüística para Galicia/Portugal; en pós da mesma identidade política para Galicia/Ireland. Na portada do número 129, unha fotografía orlada, anuncianos que ven de morrer, en folga de fame, o Lord Alcalde de Cork, preso por propaganda ilegal e por pronunciar un discuso nacionalista. O seu nome é Mac Swiney. O seguinte número de *A Nosa Terra* inserta unha mensaxe aos irmáns irlandeses, desexándolles a independencia e a paz.

O tema irlandés, á par da contestación india ao imperialismo británico -morre Gandhi nestes anos- transfiren para Galicia, nas páxinas de *A Nosa Terra*, o anceio de libertade, o trunfo das nacións sen estado como unha versión posibel do real.

Así, tal e como imos contemplando, son moitos, e moi variados, os materiais que podemos discriminar dende as páxinas de *A Nosa Terra*, segundo a nosa intención de análise, e sempre determinados polo que diferencia esta publicación do resto da prensa galega da época, maioritariamente caciquil, se coincidimos coa súa terminoloxía. A identidade de *A Nosa Terra*, como producto mediático, como medio para a comunicación política, orgánica, de pensamento, de valoración dos feitos, cultural, grupal... refréxase na súa independencia de calificación dos sucesos en calqueira ámeto do proceso histórico, por iso tén a marca da boa prensa que crea opinión, que persuade, que quere seducir; na selección do espacio informativo e da audiencia ideal; na novedade de certos suxeitos informativos e do tratamento que reciben sob o obxectivo de todo o galeguizar, de todo o identificar a partir do territorio no que se establecen as relacións sociais e materiais de existencia dun colectivo, de facernos sentir a necesidade de ser *galegos de nación*.

Baixo esta ollada calqueira feito reseñado pola redacción do periódico pode conducirnos á pescuda das súas interrelacións na Galicia da época. Fíxense, se non, en cuestións puntuais como a provisión da Mitra compostelana e como aplauden a escolla do arcebispo Lago González. Ou na polémica arredor do monumento a Curros Enríquez

que se vai erguer no Cantón coruñés e o nome que eles, os galeguistas, defenden sen recato aducindo razóns de galeguidade, o do escultor Asorey. Fíxesen en como denuncian o nomeamento de Martínez Salazar para presidir a Academia das Letras ou como, pola contra, gaban a elección de don Eladio Rodríguez González. Observen, por fin, as súas posicións sobre a condición da muller e deriven, destas posicións, a importancia e o papel da muller no proceso de producción na sociedade galega dos vinte. Derívenо, por exemplo, do artigo de Via Golpe *A muller e os seus dereitos* (num. 111). Ou reparen, dende as conclusións da I Asamblea, no 1918, como o primeiro punto do apartado político fala da igualdade home-muller. Xavier Montero, outro colaborador dos habituais, arríscase a escreber sobre *O feminismo* e o resultado é unha axiografía dese modelo puro e duro que é a muller galega para a xeración das IF ou para a xeración *Nos*, agora que a separación está a piques de se concretar. A muller que cae ferida de morte nas loitas agrarias, a muller que, como di o autor devandito no seu texto, "desexa traballar en tódolos oficios. Ser parlamentaria, ser labrega, ser sachadora, ser orfebre. A muller en Galicia é todo iso menos parlamentaria porque non hai Parlamento, que si o houbera tamén tería un posto nel". E a través da adhesión á muller deixaráse pasar, como carencia, o Parlamento.

Para concluirmos este epígrafe que titulamos *Libro de Estilo* queremos falar dos espacios culturais e máis da figura do Persoeiro, creación xenuina do movemento galeguizador, imaxe de marca, sentido de grupo selectivo co idearium do "ben común".

O teatro, a música culta ou folclórica e as súas agrupacións , a arte, as conferencias, as publicacións sobre o idioma... novas prácticas culturais como as mostras de fotografía, un axustado senso de acción que se sintetiza no artellamento da Escola Dramática Galega e, como colofón, cun pé xa na Dictadura Militar, a campaña das Escolas do Insiño Galego, anexas á IF coruñesa, iniciativa persoal e privativa dos "bos e xenerosos", dos socios protectores que nun mes chegan á trintena.

Sen dúbida, un dos sucedos galeguistas é a sedimentación, na concencia xeral, desta caste de petrucios que pasaron a chamarse persoeiros. A súa orixe é diversa como diverso é o abano no que quere influir o nacionalismo. A súa clasificación levaríanos a agrupar, por unha banda, a aqueles que son "da casa", que pertencen ás Irmandades ou que son a continuidade dos devanceiros e, pola outra, aos que representan a "élite" intelectual ou artística. Un terceiro agrupamento sería para elementos da "burguesía nacional" (por exemplo, don Enrique Peinador, propietario de Mondariz), xunto con elementos das profesións liberaes que cómpre atraguer e que estarían abocados a dirixir ás clases populares.

O primeiro grupo localizámolo a carón de adxetivacións como "discurso maxistral", "traballo notabre", "xenial irmán"... o grupo segundo aparesce en cada efeméride, son os Pondal, Curros, Concepción Arenal, Pastor Díaz, Chané... o terceiro segmento co pretexto das homaxes *ad usum*: "ao emprendedor empresario de teatro, don Isaac Fraga", "ao exemplar Enrique Peinador", "a Pedro Barrié, que levou o tranvía a Sada..."

"DEUS, FRATESQUE, GALLAECIA"

É o lema que rotula a sección *Novas da Causa* ata que a represión fai que e tas novas se encubran en soltos noticiosos ou por entre páxinas de contido xeral.

Todo o que teña que ver, directa ou indirectamente, co movemento galeguizador é unha nova para a *Causa*. Todo o que, por simpatía, contribua ao seu coñecemento entre o público, é unha nova que interesa á *Causa*. E progresivamente a *Causa* decatarase da importancia do periódico *A Nosa Terra* como instrumento de organización e como transmisión de consignas para o colectivo.

É unha nova, no seo da *Causa*, facer o relatorio das Irmandades constituidas, anunciar a preparación de conferencias ou de excursións, o avanzo de que existen boas relacións cos cataláns ou mesmo comunicar que pasará dous días na Coruña o irmán Banet Fontenla. É unha nova a suscripción aberta entre as mulleres de Sada para agasallar cunha bandeira a IF coruñesa, é unha nova a publicación de traballos en galego nos xornais, a saída da revista do ensino *As Roladas*, a actuación de masas corais -muitos galeguistas formaron parte delas- ou a constitución dunha irmandade na Arxentina.

Como dixemos, as cuestións internas van collendo pulo e as páxinas de *A Nosa Terra* convírtense no espacio da organización. E este espacio mímase en tempos de crise. Como cando no múmero 61 o boletín anuncia que "tódalas IF de Galicia están conformes coa orientación da coruñesa". Asistimos ao albor das diverxencias coa tendencia liderada por Risco dende a que dirixe Luis Porteiro Garea, o xefe dos "políticos". A visión diferente trasládase á selección de métodos de traballo. Os coruñeses anuncia a apertura do local ao público ou o incremento da "sección femenina"; dánse os primeiros síntomas de especialización do traballo, da acción como centro -mítines, conferencias, participación nas eleccións...-, agroma o conflicto entre a tradicional visión de "élite" e o proselitismo. A partires do ano 1922 sabemos que a cabeceira quedará nas mans dos coruñeses, nas mans de Victor Casas, e o balance galeguista do

primeiro semestre ofrécenos unha escolma de actividades que vai dende publicacións aos traballos da IV Asamblea ou a intervención da IF na xuntanza das Diputacións a prol da Mancomunidade.

Anque os tempos non son propicios, no período a seguir, entre o 23 e o 29, é cando a función orgánica de *A Nosa Terra* é decisoria para o galeguismo. No 1924 o director da publicación é chamado a Capitanía. Convertido en mensal, a decisión política de seguir editando *A Nosa Terra* é o combate resistente ao carimbo "revisado pola censura" qué vai aparecendo polas súas páxinas.

A *Causa* é relatar que o 25 de xullo, o Día da Patria, se publica un número extra e que reaparece a revista *Nos*. É relatar que dos diarios coruñeses soamente *El Orzán* publicou "un fermoso e sentido artigo de fondo". É relatar -para non esquecer- que un dos tres xornais vigueses publicaron, entroques, números extraordinarios adicados ao Día de Galicia. É relatar que na Coruña houbo "música galega en algúns cafés" ou que "un fato de galeguistas "en número maior a vinte" (suliñámolo nós), xuntáronse a cear.

A *Causa* é a constitución da Liga artística *Amigos de Galicia* (con persoeiros tan diferentes como Cabanillas ou Valle-Inclán), que o SEG comeza a publicar, que en Lugo haberá un Congreso de Economía...

A resitencia dos primeiros anos da paso, a partires do 27, á reorganización e ao recambio de fórmulas cuxa conclusión, no 1932, é o Partido Galeguista. Victor Casas informanos da correspondencia cos agrarios que tornan a se reagrupar en sociedades de apoio e defensa; Xoan Xesús González, o artífice da primeira organización sindical galega, a USG, escindida da UGT, reclama un partido e uns políticos "disciplinados por unha laboura edificante nas forxas cívicas da nacionalidade"; os persoeiros seguen a aparecer, nesta súa labor de testemuña esgrevia: proponse a entrada na Academia para Risco, para Villar Ponte, para Otero Pedrayo, para Castelao; Castelao becado para o estudo das Cruces de Pedra na Bretaña; Cabeza de León convidado pola Universidade de Bonn; homaxes a Cabanillas, a Lugrís, a Pedro Lameiro; morre "o venerable e honrado apóstol do socialismo, Pablo Iglesias"; morre dona Filomena Dato -a única muller na lista de colaboradores de *A Monteira*-; morre Luis Amado Carballo e como memoria querida publícase un anaco dunha traducción de Rilke que fixera Amado:

Quen nos dixo que todo desaparece?
Do paxaro que ferimos
quen sabe si os vóos ficarán
E cicais as frores dos agarimos
sobrevivennos a nós e o meu chan.

Perdura, aínda, certa prevención entre "políticos" e "culturalistas", coruñeses e ourensáns -escrito con toda cautela-; entre *A Nosa Terra* e a revista *Nos*. Pero no 1928, dínos Carlos Casares, don Vicente Risco, en resposta a un cuestionario para unha revista madrileña, afirmará que a política é un deber. A seguir comeza a publicar en *A Nosa Terra* a serie Política do noso tempo. Fala, nesta serie, de democracia directa mais admite tamén, como necesarios, a partidos e política parlamentar e está a favor da representación territorial nas Institucións estatais. No 1930, na transición para a República, é o propio Risco quen chama a se organizar en "forma política actuante".

Na VI Asamblea da IF, Otero Pedrayo será elexido para o Executivo. Vaise producir a reunificación orgánica dos dous bloques políticos do galeguismo.

FEBREIRO, 1932

A VI Asamblea, a da reunificación, supuxo, na orde práctica, o sacrificio das posicións políticas a prol da integración de credos. Supuxo quererse situar aló do compromiso concreto no devalo histórico e rematou por formalizar o abstencionismo verbo da forma de réxime que se instauraría no Estado, fose monárquico, fose republicano. Na súa traducción cívica esta decisión da VI Asamblea propicia a doble militancia nas fileiras das IF e que muitos dos seus membros, dos seus persoeiros, se achegen a ORGA, Organización Republicana Galega, que lidera Casares Quiroga. A ORGA intervirá no Pacto de San Sebastián a favor da saída republicana e ostentando a representación dos federalistas galegos que lle deran o seu voto de confianza no Pacto de Lestrove mentres Casares Quiroga aceptaba modificar o nome da ORGA polo da Federación Republicana Galega, FRG. Nas listas desta formación sairán, para as Constituintes, Suárez Picallo e Villar Ponte, pola Cortuña, e máis Luis Peña Novo, por Lugo. En alianza coa FRG mais como candidatos de formacións galeguistas locais, saen Otero Pedrayo por Ourense e Daniel Castelao por Pontevedra.

Pero a Constituición española non será federal e a formación de Casares Quiroga faise autonomista *tout court*. Victor Casas, de novo Victor Casas, alerta dende *A Nosa Terra* para que os galeguistas non se afilien a ningún partido español. No Nadal de 1931 fundaráse o PG.

Atendendo á definición de Xavier Castro, o Partido Galeguista preséntase como interclasista, aconfesional, superador da contradicción dereita-esquerda, cun modelo de sociedade basado no cooperativismo e pensado, aínda, como un partido de élite, segun-

do consta nos documentos da súa II Asamblea, cuxa forza estribará sempre non no número dos seus afiliados se non na súa compenetración.

A cabeceira histórica do nacionalismo convírtese no órgao do PG. A súa periodicidade faráse semanal no 33 e así se manterá ata a súa violenta desaparición, en xullo do 36, agás a interrupción represiva do outono do 34 e algúns pequenos períodos de reaxuste por razóns financieiras e organizativas. *A Nosa Terra* xa é, de lei, abertamente segundo a norma da época, un periódico político, e segundo a descripción leninista responde ás características funcionais do periódico político: educador de cadros, o elo que permete desenvolver e aprofundar a organización, medio de axitación e propaganda, o organizador colectivo. Como organizador colectivo, e seguindo coa sistematización leninista, o periódico político "pódese comparar cos andamios que se erguen arredor dun edificio en construcción, que sinalan os seus contornos".

Nesta súa derradeira fase as seccións prioritarias de *A Nosa Terra* son as que se presentan directamente como "Actividades do Partido" -que nun primeiro momento chamouse *Organización e espallamento*- e como espacios propagandísticos e axitacionais no senso hipertactista que a política do momento esixe. A páxina 2 estabilízase como páxina orgánica. Nela edítanse as mensaxes internas -circulares aos afiliados, consignas para as campañas...- e noticias que fomentan a acción ou resumes de conferencias que eduquen, mentres informan, aos receptores. Os artigos e comentarios analisan e interpretan feitos relevantes para, deste xeito, aúnar posicións, homoxeneizar criterios e clarexar puntualmente cuestións que afectan ao PG no campo da política concreta. Semella o periódico político ideal. E coido que deixa constancia de que un órgao de partido pode tentar achegarse ao ideal, combatendo as posicións contrarias e ensaiando un espacio de debate para o campo das posibeisalianzas, tradición que devala do debate inter-galeguista da década dos vinte. Dende abril do 1934 *A Nosa Terra* "oferece as súa tribuna a todas as organizacións republicanas" para que lle fagan chegar noticias encol de reunións, actividades, acordos.

Entre os textos preciosos, como periódico orgánico, un folletín colecionabel cos Documentos da I e II Asamblea do Partido, nos que constan datos de afiliación e o que os galeguistas republicans entenderán por "pobo": as masas virxes no agro e na mariña e máis os novos. Na primeira campaña electoral, no 1933, os seus chamamentos diríxense a tres sectores singularizados: labregos, mulleres, mariñeiros:

NAIS GALEGAS, PARA QUE OS VOSOS FILLOS NON MORRAN EN TERRAS ESTRANAS

O *PG* non saca diputados, fala de farsa electoral e especializa cada vez máis as páxinas do seu periódico para publicitar os seus principios doctrinarios: Galicia, unidade cultural; Galicia, pobo autónomo: Galicia, comunidade cooperativa; Galicia, célula de universalidade. A primeira páxina reserva sempre a columna central para o espacio editorial, nunha tipoloxía gráfica diferente ao resto da plana. A páxina 3 será a páxina das Mocedades e identifícase co logotipo *Guieiro*. O seu contido, á esquerda, acabaría por callar como liña maioritaria no PG que acorda ir as eleccións, no 36, coa Frente Popular. A páxina 3, *Guieiro*, tivo o seu coordinador central en Francisco Fernández del Riego e apresenta a configuración máis actualizada de todo o periódico, con subrúbricas culturais, deportivas, orgánicas e de debate ideolóxico.

O monográfico de *A Nosa Terra* sobre a IV Asamblea do Partido Galeguista contén parte dos textos máis significativos da evolución interna do PG e son, hoxe, unha das chaves da nosa intervención na historia. A páxina 1 ábrese cun texto de Castelao e Bóveda no desterro e a columna editorial trata do respeto á opinión individual e da súa importancia. Nas páxinas centrais publícase o Manifesto da IV Asamblea. Na crónica que refire o acontecemento recóllese a intervención de don Ricardo Carballo Calero, no nome dos maioritarios, que "cun sereno, meditado e oportuno discurso" fala das obrigas do galeguismo como partido político e sitúa as posibilidades de entendemento só coas forzas de esquerda. "Os partidos republicanos que en Galicia actuaron nos primeiros tempos da República xa non existen, polo tanto non é oportuno falar deles", aclarará Carballo, ao tempo que matiza que se lle di non ao confesionalismo con todo respeto pola concencia individual. No nome dunha proposta minoritaria intervirá don Ramón Otero Pedrayo para quen, con todo respeto, o marxismo "ao igual que o dereitismo español" é incompatibel coa que denomina verdadeira espiritualidade galega mentres reclama un senso "elevado e fino" para a política. Cando Otero Pedrayo anuncia na súa intervención que se someterá á decisión da maioría e que non abandonará o Partido, a sá, dinos o cronista, convírtese nunha ovación pechada.

Os tempos son chegados, proclama na portada, o número 403 de *A Nosa Terra*. Trunfou a Frente Popular, trunfou o PG en alianza coas formacións de esquerda. O 17 de xullo, no seu número 422, o periódico do PG convócanos para asistir ao mitin das Arengas o Día da Patria Galega.

Vintecatro horas despois o prelo no que se edita *A Nosa Terra* ficará, como a vida do seu último director, en suspenso. Ata que alén, no exilio americano e na seguinte década, os galeguistas ensaian , unha vez máis, a reorganización. Páxinas novas para ese vello e prolongado anceio de Galicia enteira que agora, nesta súa reedición, podemos contemplar.

O MODELO, COMO POSIBILIDADE

Recomendan que se escriban textos "curtos, sinxelos, sustanciosos", e anuncia, dende o inicio, que agruparán os materiais informativos, de creación e de opinión en "seccións". Danlle importancia á presentación formal, á lexibilidade, á imaxe/fotos para os persoeiros, ilustracións, viñetas, caricaturas... co asinado de Cebreiro e Castelao-, á páxina ún, para os apartados editoriais, ou á autoría de portadas, como as de Camilo Díaz cando redúz o seu tamaño e se fai publicación resistente na Dictadura. Varía, nos seus vinte anos, o logotipo co que se identifica e adoita usar do apartado de titulación para fixar as mensaxes centrais do seu idearium e das súas opcións. Clasifica os temas segundo certa actualidade -non só fáctica senon ideolóxica- e gradúa a publicación de textos literarios (un ou dous por número).

Peneirando e *En poucas verbas* son as seccións radicalmente críticas e de denuncia: *Novas da Causa* e *Aitividades do Partido*, son as seccións orgánicas; o *Cadro Branco/Cadro Mouro* é a selección editorial do millor e peor acontecemento recén para Galicia e para o galeguismo, dende un certo tó sarcástico; *Follas Novas* fala de cultura, e por entre as seccións textos de formación, dende normas ortográficas á síntese xeográfica de don Ramón Otero Pedrayo. Nas súas páxinas, asemade, e por primeira vez no noso idioma, traduccións de Tagore, Gorki, Ibsen, Rimbaud...

Foi naquela altura da historia, unha publicación con vocación de contemporaneidade e soupo identificarse xusto a traveso do que a podía diferenciar dos outros productos do universo da prensa. Diferenciase nos contidos, na lenguaxe, e na iniciativa de se converter en periódico orgánico do galeguismo. A súa función instrumental, para influir políticamente no seu entorno, e a súa función articuladora e homoxeneizadora das posicións galeguistas non encubriron os intres de conflicto, e hoxe falaríamos, seguindo as súas páxinas, de que si o grupo ourensán era máis ideoloxista e o coruñés máis posibilista (anos vinte) ou podemos comparar o discurso dos maioritarios, progresistas (anos trinta) co da corrente conservadora.

Imprescindíbel, *A Nosa Terra,* para a historia do nacionalismo; irrepetibel nas súas características primixenias; nos seus vinte anos dispúxose a experimentar todas as transformacións que a situación política ía determinando, ata esgotar o seu computo de posibilidades nesa morte violenta e inxusta que os galegos de América souberon honrar.

MARGARITA LEDO ANDIÓN